

Estatuas de guerreiros galaicos de granito con saios decorados

ANDRÉS PENA GRAÑA*

Sumario

Algúns estudiosos galegos descoñecen as advertencias fascistas cando a finais da década de 1970 unha suxerencia de levar a cabo en Santiago de Compostela o Congreso Internacional de Estudos Célticos atopouse cun claro rexeitamento. Foi evidentemente obvio que por razóns políticas algúns coñecidos catedráticos estaban detrás desa actitude. Ese era o estado da cuestión no intre no que o *curragh* «O Breogán» do capitán Fernando Alonso Romero estaba navegando pola costa galega. O interese xeral ven dese *immrama* galego, proporcionando así un *comfortable* lugar para os Estudos Célticos. Como resultado desa inusual, que non nova, actitude dos eruditos nativos amosábase unha tendencia cara os Celtas Galegos (cf. *Anuario Brigantino 1994*, nº 17, pp. 33-78) orientada gradualmente a unha total re-evaluación do concepto céltico da Europa Atlántica. Os así chamados «Guerreiros Galegos» de Galicia e Portugal, son os seus devanceiros do Neolítico e da Idade de Bronce dunha antiga terra. Non son celtiberos, porque eles retratan aos guerreiros célticos vestindo un torque e amosando no seu *sagum* un particular deseño *tar-tan*.

abstract

Some Galician scholars ignored the fascist warnings when in the late 1970s a suggestion to hold in Santiago de Compostela the International Congress of Celtic Studies met the offer with a flat refusal. It was glaringly obvious that for political reasons some well-known professors were behind that refusal. That was the state of affairs at a time when captain Fernando Alonso Romero's *curragh*, «The Breogan», was sailing along the Galician coast. General interest resulted from that Galician *immrama*, thus providing a *comfortable* place for Celtic Studies. As a result of that a normal, not new, attitude by native scholars showed a trend towards the Galician Celts (cf. *Anuario Brigantino*, nº 17, 1994, pp. 33-78) leading gradually to a total reappraisal of the Celtic concept of Atlantic Europe. The so called «Galician Warriors» from Galicia and Portugal, are heirs from Neolithic and Bronze Age grandfathers of an ancient land. Some of these statues are without helmet but with a shield and a dagger. They are not Celtiberian, because they portray hierathic Celtic warriors wearing a torque and on their *sagum* a particular *tar-tan* design.

Toda a documentación alto e baixo medieval, cando refire deslindes de zonas altas e esgrevias ou de zonas baixas, utiliza os túmulos de varios períodos profusamente como marcos que dividen antigas propiedades e, en moitos casos, chegaron ata hoxe cumprindo coa mesma función.

Sinalando dende tempos inmemoriais os límites xeográficos das diferentes demarcacións locais, as mámoas e as pedrafitas convertéronse pola súa antigüidade e visibilidade nos puntos de referencia favoritos dos antigos. O que en principio puido ser unha máxima: “esta terra é nosa porque aquí están os túmulos dos nosos antepasados”, e logo un costume xurisdiccional, manteríaaas como marcos ó longo do tempo.

Na Idade do Bronce, xa con soporte literario, podemos observar o alcance indoeuropeo do hábito de empregar as mámoas para demarcar, por primeira vez nun rexistro europeo, nas honras fúnebres de Patroclo, no túmulo ou, mellor dito, nas espidas pedras da posible cámara dolménica que aparecen descritas na *Iliada*:

*Andrés Pena Graña é arqueólogo, historiador e arquivista do Concello de Narón (A Coruña).

“Vouche amosar [di Néstor] cal vai se-la meta, aínda que é doada de mirar, e non che pasará inadvertida: aló por riba do chan érguese, e tan alto coma unha braza, un tronco seco, ben chantado e ergueito, dunha aciñeira ou dun piñeiro que a chuvia non podreceu, dúas pedras ben brancas entálano, unha a cada banda en pleno estreitamento do camiño, e calcada dunha e doutra parte estendese a pista para carros; ou tumba é dun mortal hai tempo morto, ou, ó cabo, un marco posto polos antigos, e son a meta que o divino Aquiles, o dos pés veloces, vos puxo.” (Homero *Ilíada* XXXIII, 326 - 34) (1).


Chamados **corias** en lingua indíxena e **termini** en latín, estes marcos despregan en ocasións un complexo inmaterial arqueolóxico que mostra ora mesas ofertorias do Neolítico final, inzadas na súa superficie con petroglifos de “cazoletas” ás que os documentos medievais denominan **burgarios**, ora túmulos do Neolítico nomeados en latín medieval **lacos antigos**, **lacunas**, **lacunellas** (véxanse nos montes galegos os topónimos **Lagoa**, **Lagoela**, etc.), **mamolas**.

LACOS ET MAMOLAS

Cando as fontes falan de **lacos antigos et mamolas**, empregan dúas verbas para referirse a unha mesma cousa. A razón de que pase isto débese ó feito de que orixinariamente **laco** (*sic*) indicaría sempre un túmulo que presenta buraco de violación, quedando a pegada desta actividade espoliadora en forma de grandes furados, **lacos**, que poden alterar ou acabar en ocasións con moitos túmulos escavados centos ou milleiros de veces, ata que a eles -caso de supervivir- chega a paleta do arqueólogo. Polo contrario, a **mamula**, sospeitosamente desbotada polos *buscadores de encantos*, conservaría o aspecto primordial de teto.

Hoxe, se aplicamos a precisión descritiva dos redactores dos nosos cartularios e diplomas medievais non poderíamos con propiedade falar de **mamolas** ou de **mámoas**, ó chegarnos, coma dixemos, a práctica totalidade delas violadas, co enorme furado ou pegada das reiteradas escavacións ó longo do tempo na procura do *ouro dos mouros* (2). Sería máis exacto recuperar a voz **lagoas** (**lacunas**).

A máis antiga referencia a este inveterado costume violatorio podería estar no Códice Calixtino, do s. XII, onde no capítulo VII se di, tras falar de que a terra dos galegos é rica en ouro, prata, peles de animais salvaxes e outras riquezas, que aínda é moi rica en “tesouros dos mouros”, *gacis sarracenicis*(3), por ser posiblemente comparables entre si o feito de furar nas mámoas (en xeografía mítica popular celtoatlántica, esto ven significar entrar no Alén, baixo terra e apañar os tesouros pertencentes aos seres e razas míticas: os




Burato de violación da ámoa do Monte de Nenos (Narón).



Outeiro con cazoletas (burgarios) de S. Julián de Vigo.



Mámoa da Idade do Ferro de Kilchberg (Baden Württemberg).



Ilustracións de Isidor Engel das excavacións das mámoas de Hallstatt no 1846.

mouros, os ananos e os xigantes, evocándoos ou conxurándoos previamente, lendo e deslendo libros, grimoiros, e formulas máxicas) para apañar o ouro subterráneo agachado polos mouros, e o feito de abrir galerías á procura dos filóns auríferos.

En toda Europa espoliábanse túmulos e o relativamente recente espolio (1846) do intendente de minas Johan Georg Ramsauer foi famoso por escavar este señor ó longo de 17 anos 890 túmulos na necrópole de Hallstatt chegando a desenterrar 19.490 obxectos. Cousa cativa sen dúbida si temos en conta que entre as aperturas masivas de mámoas rexistradas en Galicia, Martínez Salazar (1909) (4) refire o caso de Pedro Vázquez de Orxás, crego, señor do couto de Recemil en Lugo (5), que a principios do século XVII conseguiu do rei Felipe III no ano 1609 unha cédula para abri-las mámoas e colle-los tesouros dos *gentiles galigrecos*, superando a espoliación as tres mil cámaras. Se o señor de Recemil non tivo moito éxito en resultados é de supor que foi porque os seus emuladores de séculos pretéritos o terían antes que el, e proba diso sería o Tesouro de Caldas que pensamos é un claro ocultamento do ouro recollido en multitude de túmulos por parte dun antigo espoliador. Se Pedro Vázquez de Orxás como pasa hoxe tamén cando os violadores de túmulos non son profesionais da arqueoloxía, non estaba capacitado para datar a idade dos túmulos a experiencia destes espoliadores, supostamente superior, de novo co Tesouro de Caldas como paradigma, en resultados á dun arqueólogo actual, seguramente si que estaba, polo alcance da mostra, sequera intuitivamente en condicións de saber que túmulos eran productivos ¿posibles enterramentos individuais da Idade do Ferro ou do Bronce? E que túmulos non.

No Tesouro de Caldas a datación inicial que situaba ás pezas no Calcolítico avanzouse ata a Idade do Bronce, 1500-1400 a.C, por empregarse a técnica da cera perdida no fundido de algunhas destas pezas, concretamente nas olas e no peite. Sendo posible que os obxectos do tesouro escondido pertenczan a múltiples espolios realizados por unha mesma man de mámoas de diversas épocas, os obxectos reunidos poden pertencer a distintos períodos, abarcando estas espoliacións dende o Neolítico ó Calcolítico.

As olas e o peite de Caldas poderían proceder do espolio das “arcas” ou grandes túmulos con dolmens de catro esteos e cuberta, que se relacionan no Atlántico europeo cos chamados na Idade Media “curros vedros” ou *causos veteranos*. Por ter desaparecido nos saqueos a evidencia, quizáis



Curros vedros (causos veteranos). Curro de Sto Tomé, cercados calcolíticos para o gando no verán (brañas).

nunca saberemos se as grandes arcas abertas, como as relacionadas cos curros vedros, e cos recintos pechados das brañas do Xistral tiveron enxovais similares, pero estamos convencidos de que este é posiblemente o horizonte cultural e ideolóxico ó que pertencerían algúns materiais do acubillo do Tesouro de Caldas. Confirmando de novo as teorías do “Inmovilismo Atlántico” (Pena, 1995) as arcas e os curros vedros galegos, responderían ó mesmo horizonte cultural calcolítico no que se encadran as arcas e os curros vedros das brañas inglesas de Dartmoor, ou das brañas chamadas The Hurlers de Cornualles, das que provén a célebre copa de ouro Rillaton, Minions, achada nunha arca ou mámoa da Idade do Bronce de 37 mts de diámetro e 2,5 de altura, relacionada tipolóxicamente coas copas micénicas de ouro e de prata que serían herdeiras da tradición posiblemente inaugurada cos vasos de Caldas e do ambiente funerario indoeuropeo cabaleiresco descrito na *Ilíada* nas honras fúnebres de Patroclo.

Herdándose de pais a fillos, polo menos dende o Calcolítico, este ambiente heroico chegaría á Idade do Ferro (Arnold, 1995: 51) sen grandes cambios no Atlántico, momento no que se seguían a facer enterramentos en mámoas como o amosan os funerais de Viriato e posiblemente os guerreiros castrexos que, nalgún caso, antes de que foran arrincados dos seus túmulos, esnaquizados ou reutilizados, poderían aparecer descritos no lugar de seu, isto é sobre as mámoas, nos diplomas medievais. Os guerreiros castrexos celtas serían os herdeiros últimos dos seus antepasados, os guerreiros da Idade do Bronce, das estelas do sudoeste peninsular e, na *koiné* das institucións indoeuropeas das estelas funerarias do calcolítico e Neolítico (Gomes 1989). Afundindo ás súas raíces no Neolítico, o mundo celta atlántico conformouse por contacto de pobos que comparten un océano e un devir histórico, sen invasións, paseniño, por osmose cultural común, con linguas (Losada Badía 1999, 201-246; Omnès 1999, 248-268; González-Pardo 1999, 270-279) relixión e institucións emparentadas.



Vaso e pente de ouro do acubillo do Tesouro de Caldas. Museo de Pontevedra.

Sería posible, tamén por este camiño, que baixo a piqueta esmagadora dos cobizosos buscadores de tesouros, dende os alicerces, os grandes túmulos da Idade do Ferro presuntamente máis ricos que os das épocas precedentes, similares aos do mesmo contexto cultural Atlántico que compartimos, desapareceran totalmente, sen deixar rastro. Segundo o vimos teríamos unha evidencia destas violacións, no que Steuer (1979: 631-2) denomina «second oldest profession in the world» no xa mencionado tesouro de Caldas, probable resultado de múltiples espolios de tumbas principescas.

A presenza masiva dos xa claros precursores de *torques* e de *viriae* conservados e o áureo alarde simbólico dos obxectos de tumbas principescas moi antigos e de diversas épocas, reforzan esta idea ou este arrecendo ó ortodoxo contexto aristocrático indoeuropeo. A madurez institucional do *ethos* cabaleiresco indoeuropeo de Caldas reflíctese na elaborada vaixela do banquete funerario, nas olas de ouro adscribíbles ó Calcolítico, indi-

cativas da relevancia social de quen foron quen de usalas posiblemente no derradeiro banquete, a presenza do peite votivo (que se acompañaría quizáis dun espello) posiblemente ofrendado á divindade feminina encargada de conducir ó heroe morto ata o seu pazo no Outro Mundo... nada nos induce a pensar en meras pezas de adorno, sincrónicas, ou mesmo inacabadas, como a medio facer dun ourive itinerante.

Non se debe silenciar que é alta a probabilidade dos asertos contidos nos precedentes parágrafos pola delatora presenza no mencionado tesouro dun grande, macizo e pesado peite votivo de ouro de nidia adscripción a un marco ideolóxico e cultural moi concreto, por empregalo para peitear os seus cabelos en contexto simbólico claramente funerario, de paso ó Alén na mitoloxía galega da «Moura». Estes peites sonnos ben coñecidos.

Trátase seguramente dun peite votivo que empregará unha vella divindade indoeuropea da soberanía convertida, e a acción evanxelizadora dos monxes xogou aquí o seu papel, polo folclore en «A Moura», mítica moradora dun mundo subterráneo, que, na procura dun esposo, anualmente retorna a este mundo ó amencer do día solsticial de San Xoán.

É a Deusa Nai mesma, nova e vella, virxe e nai, raíña e campesiña, é a encarnación (Pena 1995: 48-53, cf. Fernando Alonso Romero «A Moura constructora de megálitos») da Terra e do País, a Soberanía que escolle un marido apropiado. A Moura fiel que acode ano tras ano á mesma fonte, á mesma pedra, á mesma encrucillada, e aínda á mesma ponte, en busca do home capaz de superar con éxito unha proba, unha elección encuberta entre ela e o fabuloso tesouro que amosa como engado.

A Moura é a Grande Raíña (Rhiannon/Epona/Iccona) que na súa cita anual agarda ó xeneroso esposo merecedor de ser transportado ó Alén para compartir con ela o seu amor e os seus tesouros. O peite como agasallo nupcial, lonxe de servir para peitear a barba do defunto, sería aquí ofrecido polo heroe morto á deusa soberana que o ven buscar, o escolle, o reclama e montándoo no lombo do seu cabalo (este e o sentido simbólico dos abelurios da inmortalidade que leva Epona na man, e das equinas connotacións de Rhianon castigada a vivir nun cortello e a transportar ó seu pazo no seu lombo aos invitados, convertida pola igrexa galega no Diaño Burleiro, cabalo que estira o seu lombo para acoller un grande número de persoas que queren pasar un río) o conduce á súa mansión no luminoso paraíso de Eterna Xuventude e de Boa Ventura.

O peite de ouro do Tesouro de Caldas, indetectiblemente asociado ó ambiente heroico das tumbas de carro do Bronce e do Ferro, debería pola súa probable significación de agasallo á



Moura da Pena Molexa, O Val -Narón, debuxada por Eva Merlán.



Pedra das Procesiões da Auga da Laxe en Gondomar.

moura (pola súa topografía institucional no enxoval psicopompo) servir de base para revelarnos en tempos moi temperáns a dimensión, o alcance e a madurez das institucións indoeuropeas, xa apuntada hai moitos anos por Benveniste, Piggot e outros autores.

Así, a distancia temporal que separa aos obxectos áureos do posible espolio, non impide que todo o conxunto adquira unha sólida coherencia institucional e abra camiños nunca pisados antes na comprensión dos temas interpretativos dos nosos petroglifos (agora coa axuda de poderosos instrumentos e de sorprendentes liñas «acumulativas» e «continuistas» de investigación etnográfica comparatista de Fernando Alonso Romero e de Ladislao Castro Pérez).

Atopamos o simbólico agasallo do peite asociado posiblemente no Atlántico a un ambiente funerario representado, quizáis por primeira vez en Europa, nun petroglifo sobre un outeiro, altar de pedra chamado Pedra das procesións da Auga da Laxe, en Gondomar, Pontevedra que domina xerarquicamente outros menores. Estes *outeiros* son o centro simbólico da Terra, non falo por falar, e asemade lugar de tránsito vertical entre o mundo dos vivos e dos mortos, ó Outro Mundo; esto é, a través dunha verdadeira Porta do Hades agachada na propia pedra, río, mámoa ou fonte, acceso directo das ánimas cara o paraíso, ponte tendida entre o mundo dos vivos e dos mortos que só se abre dende o Outro Lado, porta pola que saíra (*de nuguis curialum* I, II) segundo o refire Gautier Map, a *Herlatingi* emparentada, como xa o vira Walter, coa Santa Compañía e coa nosa Sociedade do Oso.

O peite aparece na Auga da Laxe xunto a armas da época, alabardas e puñais do Bronce Antigo, unha espada do Bronce Final e probables carros representados aquí sen as rodas (un antigo modelo de carro que se mantivo en uso en Escocia ata o século XVIII e se mantén aínda residualmente en Galicia no Courel), indicando que estamos ante un lugar sagrado de tránsito vertical, esto é, a través da porta pola que acceden as ánimas ó Alén.

Seguramente asociado a un ambiente funerario explicable unicamente pola etnografía comparada europea, de «tránsito vertical», do paso da alma por unha porta, usualmente por unha galería ou polo fondo dun acuífero (Risco 1962, p. 311), que só poden abrir os animais sobrenaturais que veñen a alimentarse a este mundo (ibid. 1962: 311-332) realizado en Europa dende o Neolítico (dolmen de Orca dos Xuncais) a través da psicopompa práctica cinexética coñecida como Caza Salvaxe, Chasse Sauvage (Ph. Walter, 1997, p 9-72); «Wild Hunt» (Stith Thompsom Motif-index of folk-literature E 501///). Wilde Jagd, etc.

Engadida no Bronce Final ó programa iconográfico da Pedra das Procesións aparece unha espada aparentemente pistiliforme, ou de lingua de carpa, e esta circunstancia, indicaría, sen outra relevancia, o continuísmo e a remota antigüidade dunha poboación (en sinerxía coa existencia na antropoloxía xenética galega, ó parecer compartidos en parte coa área occidental da Península Ibérica, de posibles elementos -amable comunicación telefónica do profesor Carracedo- trazadores autoctonistas e continuistas da poboación galega).

Esta podería ser a razón pola que a primitiva concepción simbólica rexistrada no Bronce Inicial seguiría probablemente vixente ó final deste período ó igual que sucedía con outros inmobiliarios simbólicos do Atlántico, como Stonenhe utilizado segundo Timoty Darvill dende o 4.000 ata o 2000 a.C. durante máis de dous mil anos e coas crenzas relixio-



Estela
decorada do
Suroeste
Peninsular.

sas. Asociado agora, dende hai 3500 anos, tamén a espellos, aínda o peite aparece profusamente representado xunto ás armas e ó carro do heroe morto, de recendos micénicos como sucedía co vaso de Rillaton, e de recendos nórdicos (escudos de bronce tipo Herzsprung (Monteagudo 1996, p. 54) nas estelas decoradas do suroeste peninsular publicadas en 1966 por M. Almagro Basch (6) como as atopadas no lugar de Las Mayas, en Valencia de Alcántara, Cáceres; Fuente de Canto, ou en Cabeza del Buey, entre outras moitas da provincia de Badajoz; a de Ategua, Córdoba (presentada por Almagro Basch no IX Congreso Nacional de Arqueoloxía de Mérida do ano 1968) e un longo etc. Reforzándose o loitoso arrecendo e o carácter psicopompo da panoplia coa representación da danza fune- raria tipicamente Atlántica de «O Abellón».

No «Abellón» que se bailaba nos velatorios de Galicia a comezos do século pasado «los familiares y amigos del difunto se trasladaban a la habitación en la que estaba el cadáver y en torno a el formaban un corro, se cogían de la mano, y sin decir una sola palabra empezaban a dar vueltas y vueltas alrededor del muerto, aumentando progresivamente la velocidad de los giros sin dejar de imitar con la boca el zumbido del abejorro» (Fernando Alonso Romero, 2001: 75-84).

A pervivencia residual desta danza e ritual funerario estendido seguramente por todo o ámbito indoeuropeo, residualmente nos fisterras atlánticos celtas ata comezos do século pasado, constituiría outra proba admirable do «Inmovilismo Atlántico». É moi posible que o Abellón estivese profusamente representado na plástica funeraria da Península Ibérica reforzando asíeste contexto funerario, en ocasións, co acompañamento de explícitas escenas da «Caza Salvaxe» dende o Neolítico Atlántico (Las Malas Cabras, Los Buitres, etc.) ata a Idade do Bronce (estela funeraria de Ategua).

Certamente que as interpretacións de obxectos de uso cotián, como un posible presente por parte do morto para a divindade feminina que o acolle no Alén, difícilanse pola recorrencia dun obxecto, o peite, de aseo persoal.

Non sería posible sen o recurso fecundo (Galicia é un fósil vivinte) da etnografía comparada. Nos violadores de mámoas galegos a idea remota do matrimonio coa «Moura» (o tema «melusino» de Pwill e Rhiannonn) aínda está presente dende a documentación medieval ata hoxe no imaxinario popular. «O valor etnográfico destes testemuños vertidos (polos garimpeiros violadores furtivos de túmulos) ante el Xuíz foi xa percibido por Martínez Salazar, quen se preocupou no seu momento de transcribirmos. (7)

«Hilario Alonso había hallado allí una mujer desca- bellada y bestida de rraxa parda y los cabellos sueltos, y esto a boca-noche [...], y que traía en la mano unos pocos de pelos, y que le dixera que qual le parecía mejor, aquello que ella traía en la mano o ella; e que él le respondiera que ella [...]: y entonces que ella le mandara que fuese a cabar al dicho otero de la má- moa de Segade y que hallaría un tesoro [...].»

«[...] Que la dicha mujer que le llamó así a boca- noche le preguntó que cual le parecía mejor, ella o unas vueltas que trahía enlazadas en las manos, que parecía como horo, [...] y este le respondió que mejor le parecía ella, y la susodicha le dixo: dichosa la madre que te parió; y dice que la dicha mujer era negra y fea y que hablaba por las narices.» *Ibidem.*



Excavación en Hallstatt da Grande Duquesa de Mecklenburg no 1907 co permiso do Emperador Francisco José de Austria..

A intensificación da fealdade da «Moura», sempre fermosísima, no imaxinario, *hiperfurtivo* (sic parodiando o *cognaticio* dunha mitóloga) dos ladróns de túmulos funerarios galegos, indica que se conserva, reforzada, a idea do matrimonio entre a «Deusa Nai» o «Heroe Morto».

Á dificultade da lectura mítica do rexistro arqueolóxico do peite, engádese a imposibilidade de detectar costumes funerarias de enterros múltiples de individuos de diferente xerarquía e posición. Tal concorrencia de deposicións na diacronía do rexistro arqueolóxico (se non xa dende o Neolítico), polo menos dende Patroclo (*sive potius* Homero) a Viriato, enmascaran a individualidade da tumba indoeuropea.

Debemos considerar con cautela os enterros múltiples e aínda masivos nos túmulos. Deixando aparte a súa alma inmortal, os acompañantes do heroe deberían moitas veces ser considerados institucionalmente como mero enxoval funerario, tal como o vemos nos testemuños literarios e historiográficos da antigüidade que describen os sacrificios rituais dalgúns membros do séquito, rituais propios do *ethos* heroico ou da *devotio* ó caudillo.


A nosa percepción aberrante da norma social, do sacrificio ritual, enmascarado tras da morte honrosa no combate singular, nos funerais do *corono*, entre algúns campións do seu séquito ou *corio*, non pretende que os nosos antigos, os participantes nas honras fúnebres, aceptasen sacrificios humanos, como non o aceptarían, pese a ter mesmo máis motivos para elo, os que, salvando o *ethos* e as distancias, asisten hoxe a unha execución na cadeira eléctrica, na *hipervolatil* (sic) cámara de gas ou á inxección letal.

É habitual atopar os peites funerarios asociados a espellos, circunstancia que daría pé á errada lectura destes, ora atribuíndoos ó contexto dunha tumba feminina ora “el peite para la barba”, ó equipo de aseo do guerreiro.


A lectura mítica do obxecto non é doada cando o peite funerario aparece como enxoval de parellas de ambos sexos, a interpretación e o enguedello deste rexistro sempre escaso e illado enmascárase pola posible presenza do “sutti”.

Os peites aparecen a carón de fantásticos recipientes para conter ou mesturar a bebida do banquete fúnebre, un, ás veces excesivamente rico, aparato de beber, local ou de importación. Circunstancias, tempos e aparato que con amplitude cronolóxica e detalle enormes podemos atopar na literatura, na plástica funeraria e aínda no tanatorio rexistro arqueolóxico europeo no que se asocian os peites funerarios a carros, a armas e a vaixela de mesa (Carrera 2000; Arnold 1995, p. 50-51), a restos de porcos e aínda de cabalos enfeitados e enmascarados. Restos que parecen ilustrar toda a parafernalia faunística psicopompa e a simboloxía da *Menié Hellequin*, da “Sociedade do Oso”, da “Santa Compañía” etc., que vemos representada con todo detalle nunha das placas do caldeiro de Gundestrup.

Coñecemos tamén a longa presenza do peite en túmulos de toda Europa dende o Bronce ó Ferro, e en contexto Atlántico o derradeiro deles, aínda que pola longa persistencia no tempo e na xeografía europea de toda esta materia aquí xoga a sincronía escaso papel. Apareceu xunto a un espello na mencionada tumba de carro de Wetwang, Yorkshi-



Sutti en Hohmichele -Alemania-.



Estatuas de guerreiros celtas e xermanos celtizados realizadas para ubicarse sobre túmulos funerarios (mámoas da Idade do Ferro).

re, Inglaterra, do século II o I a. C., asociado a outras tumbas con espadas, lanzas e escudos.

Sexa tolerable ou non, o sostido nos precedentes parágrafos a propósito das violacións dos túmulos, o caso é que, por mor das accións reseñadas, como demostramos en 1991, é incuestionable que se lle chame ás mámoas **lacos** cando presentan, as veces enormes, buracos de violación:


LACO, LACUNA; LAGO OU LAGOA

Esta voz atópase en case tódolos diplomas que conteñen deslindes polo que, como dixemos en 1991, non ten nada de particular que a primeira vez que apareza esta denominación nun documento Galego suceda no primeiro deles, o máis antigo que existe en España, o diploma SILONIS REGIS (*sub die X kalendas septemberes Era DCCCXIII^a*, 23 de Agosto do ano 775) polo que o rei Silo dona a varios relixiosos entre os ríos *Iube* e o *Masma*, e máis concretamente entre o río *Alesancia* e o *Mera*, no lugar de *Luces*, un *Celeiro*, hoxe *Celeiro de Mariñaos*:

“ [...] Ut darem eis locum orationi in cellario nostro qui est inter Iube et Masona, inter ribulum Alesancia et Mera, locum que dicitur Lucis determinatum de ipsa villa ubi ipse noster mellarius avitabit Espasandus, et per illum pelagum nigrum, et iusta montem que dicitur Farum, et per illas **sasas alvas** et per illa **lacuna** usque in alia **lacuna**, et usque ad **petra ficta** et per illa **lagenam** Se non o estorbara a precisión matemática das cartas de deslindes (no hidrotropismo de tanto lago poderían, en boa hidrognoia escoliastas de Villar, decreta-la hidrogoxía última para tanta **lacuna** e **lagena** da diplomática galega) et per ipsum villare que dicitur Desiderii et per illum arogium que dicitur Alesantiam et per alia **pedra ficta** qui stat im montem super Tabulata per ipsa strata qui esclude terminum usque in loco que dicitur **Arcas**, et arrogio que dicitur Comasio, cum omnem exitu et regreso suo, castros duos [...] ” (Díaz y Díaz 1974: 212 – 13). (8)

Como xa antes o viran outros autores, nunha carta do 982, de Celanova, aparece mencionado, sobre un destes **lacos** ou mámoas violadas, un destes guerreiros galaicos, ó que poderían pertencer os fragmentos conservados do chamado *Guerreiro de Caldas*, sobre os seu túmulo:


“[...] quomodo dividet cum villa Sancta Columba, Ermigildi et Atanes et transit Limia ad patrono intra Mogaynes et Sancta Columba et feret in **arca** tras limia ad casam de Domno et per suis terminis ubi inveneritis **lacos anticos et mamolas. Uno laco** qui est tras Limia unde venit liniolo qui transit per Limia et venit inter Sancto Martino de Calidas et feret in cima de villa ad **alio laco maior** per suo liniolo **ubi iacet efigiem hominis esculpta in petra** (a primeira noticia dun grande túmulo da Idade de Ferro coa estatua do guerreiro sobre el) **que testificat de laco in laco et inde per suos moliones firmissimos ad arca maior** ad castro de Vemes et sic tornat per allios molliones et feret in fontem de mulieres deinde postea Mineo rio inter Villarino et monte longo per ubi fortissimi divisimos cum ipsos domnos iam prefactos in illorum grande concilio sub unos? andantes, et omnia bene considerantes atque certius dividentes et omnia firmissime permanentem statuantes devenimus ad arca maiores de Sancta Eolalia inde primitur inquoavimus. Notum die ipsas kalendas octobris discurrentes tunc era XX^a post M^o [...]” (López Ferreiro 1899, p. 184). (9)



Interpretación das gravuras neolíticas das mámoas como tecidos.

Obra latenián, celta, e principalmente do s. II a.C., non é tolerable que se sosteña por máis tempo que os guerreiros castrexos «son colaboracionistas romanos», nin que se consideren estatuaria romana. Non son colaboracionistas, como pretende a presente *indulgentia temporum* e o victimario malintencionado e culpable de certa literatura «nacionalista». Os guerreiros galaicos celtas non son retratos fachendosos de colaboracionistas dos romanos, polo simple feito de terse alisado a súa superficie séculos despois de que se fixeran estas estatuas, con obxecto de epigrafiar nelas, en latín, inscricións funerarias, tanto nas caetras como nos saios ou nos xeonllos.

A adscrición cultural destas estatuas é celta, é latenián, e é prerromana. Eles non teñen culpa de



Estampa CXX da monumental síntese intitulada “A Cultura Casteja no Noroeste de Portugal” de Armando Coelho Ferreira da Silva.

Estatuaria: 1,2 Lerenho; 3 Cendufe; 4 S. Julião; 5 Mozinho


levar sobrescritos textos funerarios en latín, ou de xénero diverso, sobrescritos tres ou catro séculos despois da súa realización, e aínda en épocas moi posteriores.

É precisamente nos túmulos da Idade do Ferro, nas tumbas de carro, onde, como no resto da céltica, supostamente aparecerían estatuas de guerreiros, ou de deuses, como se pensaba das estatuas de Kilchberg ou de Ditzingen (Hirschlanden, Baden-Württemberg, da segunda metade do s. IV a. C.). Guerreiros representados heroicamente no mundo celta con torques, *viriae*, escudo, armas e cinto, similares ós galos heroizados, coma o de Mondragon (Vaucluse); unha heroización que en Galicia viría reforzada pola presenza da saia corta decorada con cadros dispostos ó “biés”, de tradición Atlántica (remontable ós tecidos do Neolítico e a ambientes luxosos como os das paredes das tumbas simulando colgadas e os vestidos dos deuses dos ídolos placa), polo escudo ou caetra, polo luxo da camisa e da saia.

Ninguén cunha mediana formación comparatista dubidaría do carácter funerario das estelas decoradas do sudoeste peninsular da Idade do Bronce, que irían colocadas na parte alta do túmulo por máis que ningunha de elas fora encontrada no seu sitio, aparecendo sempre estas estelas reutilizadas en múltiples lugares.

Algo parecido debería suceder, ó noso modo de ver, cos guerreiros castrexos, pensados para ser colocados enriba dun túmulo funerario (túmulos testemuñados pola mencionada descrición do enterro de Viriato), representando a un nobre celta heroizado ó xeito indoeuropeo, isto é, co torques de ouro, coas ostentosas *viriae* de varios touros tamén de ouro, co *sagum*, saio ou camisa-saia e aínda con saios de dúas pezas compostos de camisa con escote triangular posiblemente con bordados de ouro ou de prata, e dunha saia curta decorada con cadros de cores, a diferenza das actuais saias escocesas, dispostos ó “biés”.

O feito de que a estatuaria antiga de vulto redondo castrexa non estivera policromada, estando a estatuaria de comparables horizontes culturais Atlánticos e centroeuropeos, sería sorprendente. Esta dúbida, de ter lugar, pódese aclarar cunha ollada ós debuxos dos guerreiros castrexos da Gallaecia Bracarense que, con extraordi-



Estampa CXXI de Armando Coelho Ferreira da Silva.



a) cinto e puñal; b) fibela de Torroso; c) xogo de «parchís» latenian, e d) rodete latenian.

nario detalle, fai Armando Coelho Ferreira da Silva nas estampas CXX e CXXI da monumental síntese intitulada “A Cultura Castreja no Noroeste de Portugal”.

Recoñecemos nun dos debuxos mencionados unha saia suxeita cun cinto. Son cintos con nervaduras laterais e presillas quizáis metálicas e con apliques áureos. Non é posible coñecer o tipo de fibelas ou placas activas coas que abrocharían estes cintos agochados detrás das caetras, mais, segundo se desprende da complexidade e aparato decorativo do aplique que no lombo serve de contrapunto ó cinto con forma de rodete, este peche dianteiro para abrochar o cinto sería unha complexa e luxosa placa ou fibela profusamente decorada, cousa imposible de demostrar por tapala, como dixemos, a caetra que sostén nun alarde marcial de frontalidade o guerreiro castrexo.

Considerando o precedente, ben que afastado quizáis do século VII a.C., da fibela ou placa de cinto atopada por Antonio de la Peña Santos no castro de Torroso (Mos, Pontevedra) de bronce con damasquinado de prata e pasadores de ferro, e outros, coa debida reserva que demanda o caso, podemos pensar que a fibela, a placa activa ou o peche de cinto estaría nobremente decorada.

Os detalles decorativos da placa discoide lumbar do cinto de algúns dos guerreiros castrexos son anteriores seguramente á conquista romana de Galicia. Este é o caso do tríscele que aparece na estatua de guerreiro atopado no lugar de Campos por L. F. Guerra no ano de 1905, estando clarisimamente emparentado cos trísceles lateníans británicos que decoran profusamente unhas pezas de vidro que un conservador do Museo Británico (I. M. Stead) considera pertencerían a un xogo de competición presuntamente similar ó parchís (aparecen nunha tumba, escavada en Hertfordshire en 1965, de Welwyn Garden City).


Os guerreiros levan puñais triangulares, non necesariamente romanos ó aparecer este tipo de armas nunha área moi extensa de Europa da Idade de Ferro (Wandsworth p. e.), con pomo redondo, en vainas quizáis con travesas de bronce rematadas con conteiras de perfil circular. Uns puñais ou espadas curtas en ocasións, suspendidas do cinto por correas (Ferreira da



Moeda de CARISIO e detalle dun puñal de guerreiro galaico.



Interpretación do guerreiro castrexo da citania de San Julião, Ponte Coucieiro, Vilaverde, representado co n° 4 da Estampa CXX, de Ferreira da Silva.



Decoración latenían de palmetas do 2º estilo

Waldalgesheim: a) detalle da funda da espada do Támesis; b) San Julião.



Silva 305) similares, senón estilística, polo menos funcionalmente, ó puñal de 38 cms de longo xa desaparecido atopado no río Witham e publicado en 1863 por A. W. Franks.

As caetras redondas que frontalmente sosteñen os guerreiros castrexos con umbos e decoración chamada “en labirinto” son idénticas ás que aparecen representadas nas moedas “de Carisio” acuñadas durante as chamadas Guerras Cántabras, flanqueadas de espadas de pomo redondo, de antenas, e aínda de falcatas, de lanzas, de cascos decorados con cornos de hasta o antenas, e de armaduras; o suposto labirinto é en realidade un motivo decorativo de combinacións de cuadrantes semicirculares dispostas en torno a un motivo cruciforme que pode ter unha longa pervivencia dun modo comparable á chamada cruz celta.

Segundo a nosa interpretación do guerreiro Castrexo da citania de San Julião, Ponte Coucieiro, Vilaverde, representado co nº 4 da Estampa CXX, de Ferreira da Silva, a decoración lateniana de palmelas do segundo estilo Waldalgesheim da camisa ou *sagum* con escote de pico, non se corresponde coa tardía inscrición latina da caetra “MALCEINO DOVILONIS F.” que sería quizáis uns catrocentos anos posterior á confección da estatua.

O nobre ou príncipe (status establecido pola fachenda con que dun modo similar aos deuses amosan os guerreiros castrexos o torques ó colo e as *viriae* nos brazos) aparecería aquí vestido cun saio de dúas pezas como se aprecia con facilidade nos guerreiros castrexos ornamentados con decoracións derivadas das palmelas e das flores de loto etruscas, ou greco italianas

chegadas ó atlántico e ás Illas Británicas pola vía do tráfico mercantil e ideolóxico, decoración adscribible ó chamado estilo I ou ó estilo II dun arte insular celta estudado por Paul Jacobsthal, por J. M. de Navarro, e recentemente por J. V. S. Megaw & M. Ruth Megaw.


Se resulta frívolo soste polas boas, que *toda* a estatuaria castrexa é de época romana, atribuír esta estatuaria a supostos colaboracionistas romanos é unha necidade. Non se pode dicir que antes da conquista romana a antiga *Gallaecia* non coñecese a escultura cando son obra galega os bronce votivos sacrificiais do Noroeste (verdadeiras obras mestras da arte atlántica á cera perdida da Idade do Ferro), datable por Blanco Freixeiro no S. III a. C., contemporáneas das estatuas dos príncipes castrexos que presentan decoración latenián, e aínda puideran ser realizados estes bronce votivos sacrificiais para conmemorar as cerimoniais da súa entronización.



Cadro evolutivo das ondulacións



Interpretación cromática do guerreiro galaico de Outeiro Lezenho.



Interpretación cromática do guerreiro de Campos con decoración do segundo estilo de Waldalgesheim. Os “Chevrons” ou “dentes de lobo” indican a utilización no Noroeste do tear de catro barras.


Un dos dous guerreiros galaicos que apareceron no lugar de Outeiro Lezenho, Vasconcelos, Portugal, serían gardados no adro da igrexa parroquial de Cobas de Barroso, antes de conservarse no Museo Nacional de Arqueología e Etnoloxía de Lisboa, ámbolos dous probablemente da mesma man segundo Ferreira da Silva (pp.305, nº546/2) que os debuxa demoradamente, presenta a típica camisa longa, saio ou *sagum* cun escote en ángulo ornamentado con motivos xeométricos de circos concéntricos encadeados, motivos decorativos antigos, bastante desgastados no tronco, e con escaqueado de liñas oblicuas con losanxes inscritas na saia. Son precisamente os tecidos en cadro ó “biés” que aquí presentamos os panos dos que fala Diodoro Sículo para os galos e Plinio o Vello (M^a. Jesús Carreira Arós 2000, en prensa) para os lusitanos cando “referíndose ás las de Salacia incómodas para confeccionar tecidos de





Reconstrucción do ambiente da casa con banco corrido ou «casa da cervexa», segundo A. Pena e debuxo de Eva Merlán. Abaixo, pasador de saio.



pasador de bronce



Interpretación cromática do guerreiro galaico de Monte Mozinho por Andrés Pena. Á dereita, de arriba abaixo: a) sarga de lá con cadros escoceses atopada na China W cara o 1200-700 aC segundo Elizabeth Wayland Barber; b) cadros «escoceses» das minas de sal de Hallstatt, Austria (Naturhistorisches Museum, Viena, 1200-400 aC, ibidem); c) reconstrución dun tecido de cadros «escoceses» de 6 cores da mesma data e procedencia (ibidem); d) Heroon de Glanum de St. Rémy-de-Provence (s. III aC).




longos flocos di, en troques, que **resultan moi apropiadas para os tecidos en cadro**”.

Con decoración do segundo estilo de Waldalgesheim, os “Chevrons” ou “dentes de lobo” que indican a utilización no Noroeste do tear de catro barras pódense ver nun guerreiro galaico de Outeiro Lezenho, parroquia de Campos, concello de Boticas.

Sería posible que certo parentesco de motivos decorativos presente na estatuaría de Outeiro Lezenho respondera mesmo a tipoloxías familiares sendo constatable a concomitancia decorativa dos losanxes nas mencionadas estatuas principescas.

Bótase de menos nestas representacións a capa de liño, de lá ou de picote que á altura da clavícula dereita iría prendida dunha grande fíbula. O *sagum* ou longa camisa, ou a camisa e a saia corta, respondería a un intento de heroizar ó príncipe defunto, e probablemente formaría parte do equipo militar da nobreza celta da antiga *Gallaecia*.



Aínda que a espida forma do saio (*sagum*) ou da camisa e a saia, prefírese na maioría das representacións plásticas por respostar mellor ó *ethos* heroico, coas camisas empregaríanse tamén pantalóns, as *brachae* ou cirolas suxeitas cunha faixa, tal e como na *Historia Ilustrada de Narón* (E. Merlán, A. Pena e A. Filgueira) os representamos para ilustrar unha célebre cita de Estrabón. E aínda coñecemos polo rexistro a modo de pasadores para suxeitar as camisas de liño unha especie de trabelos de bronce. Se temos en conta que a chaqueta curta e o pantalón do actual traxe popular galego foi introducida en Galicia nos arredores da vila de Ferrol a finais do século XVIII, tiveron estas prendas longa duración sendo posible que a vestimenta popular do labrego (camisa, cirolas, faixa e capote) variara moi pouco ó longo do tempo. E, aínda que os cambios no vestido feminino son outra danza, non hai que esquecer que a dona galega, segundo as fontes clásicas, xa daquela vestía coma hoxe de negro e levaba a saia adornada con flores bordadas. Tampouco é novidade que as mulleres bailaran coma hoxe en roda.

“Neste contexto de longas pervivencias, non é sorprendente que o profesor emérito bretón da UBO, Robert Omnés, sostivera que, o mesmo que ocorre coas tríades bretonas, a pandeirada galega fora música militar pois a mocidade galega da Idade do Ferro, ó parecer aturuxando e bailando marcando o punto cos pes no chan, *alterno pede* (Silio Itálico. *Punica* III, 344-353), dúas veces cun pé e unha co outro, e coma hoxe, axionllándose, facía pandeiradas - *non mouriscas «leiliadas»*- batendo no escudo pendurado do pescozo coas máns.

Deixando aparte os problemas da orixe da saia escocesa, emparentada quizáis con aqueles tecidos dos príncipes celtas estudados polos arqueólogos nos anos noventa (Bender, L., 1992; Masurel, H. 1990; Moullerat, C., 2000; Wayland Barber, E., 2001 ed. esp.), non deixa de ser unha coincidencia o feito de que, a excepción dos cadros ó “biés” do chamado Heroon de Glanum de St. Rémy-de-Provence, do s. III a. C., a primeira vez que aparece representada na plástica Céltica Atlántica a saia de cadros, é *precisamente* nos cadros ó “biés” (de tradición desta área) dos guerreiros galaicos e, *casualmente*, como xa o sinalara Untermann, isto sucede tamén coa propia voz «celta», que agás a célebre cita de César nos *Comentarios á Guerra das Galias*, mentres que en Galicia esta voz «celta» e «céltico» estaría profusamente representada en numerosas inscricións nos antropónimos, topóni-

O PRÍNCIPE OU O DEUS CELTA DA ESTATUA PILAR DE EUFFIGNEIS, HAUTE-MARNE, LEVA O TORQUES E O KABARÍN COMO INDICATIVOS DA SUA ESTIRPE REXIA. FUNCIÓN SIMILAR TERIA O SELO DE OURO ATOPADO NAS ILLAS CÍES COA REPRESENTACIÓN DO PORCO BRAVO E O EPÍGRAFE "HE APRV". ESTA HERALDICA GALEGA PERVIVE NAS LINAXES DOS ARES (DEBUXO) E DOS ANDRADE

CANDO UN GALO SE CHAMA MATUGENOS OU UN IRLANDES MATHGAHAIN, FILLO DO OSO, NON É QUE INXENUAMENTE IMAGINE DES CENDER DUN OSO, SENÓN QUE PRETENDEN RELACIONARSE CÓ SIMBOLISMO REAL DO OSO (LE ROUX). A PRESENCIA NOS "BRONCES VOTIVOS DE ENTRONIZACIÓN REAL" OBRAS MAESTRAS DA OURIVERÍA CELTA DA GALLACIA E DA LUSITANIA DO SÉCULO II A. C., DO OSO, XUNTO AOS TORQUES E AO TRENZADO DE CRIN DE CABALO INDICAN O ALCANCE E O CARÁCTER, CON SEGURIDADE, DAS CEREMONIAS DE ENTRONIZACIÓN DOS PRÍNCIPES DAS TREBAS CELTAS DE GALICIA COINCIDENTES COAS ACTUAIS BISBARRAS. AS SOLEMNES INVESTIDURAS REALES FACÍANSE Á VISTA DE TODOS NO "CROIO TEUTÁTICO" OU "TREBOPALA" (ALTAR DA TRIBO). ESTAS EXCEPCIONAIS PEZAS DE BRONCE AMOSAN O ALTO CONCEPTO GALEGO DA CHAMADA "REALEZA SACRADA" CELTA.

mos e teónimos, non se encontra recollida na Idade do Ferro en ningún outro país da *Céltica*.


Segundo se desprende dun recente artigo de Christophe Moulherat (10), arqueólogo especialista en textís antigos, testemuñándose nunha ampla área xeográfica (dende as minas de sal de Hallstat en claro contexto celta) estes cadros “escoceses” como o amosan uns tecidos de sarga perfectamente conservados, abarcarían, cunha cronoloxía dende o ano 1200 a.C. ó 400 a.C (como o ven de estudar Elizabeth Wayland Barber de quen tomamos os precedentes exemplos) mesmo ata o corazón de Asia, como sen discusión o amosan as roupas que visten as momias indoeuropeas de Ürüñchi na rexión de Uigur na China occidental de louros cabelos e de posible fala tocaria, lingua esta última que formando parte do protoindoeuropeo, sospeitosamente, sen gardar parentesco aparente coas linguas indoeuropeas orientais, presenta sorprendentes afinidades coas linguas célticas que se falaban no Atlántico, e aínda co latín.

Co dito nos precedentes parágrafos podemos aventurar o berce probable de estes motivos decorativos dos teares indoeuropeos de catro barras nos precedentes motivos dos teares de dúas barras do Neolítico Atlántico. Este aserto é abondo probable como o amosarían as pinturas dos dolmens galegos que como xa temos mencionado noutro lugar e tempo representarían, seguramente, esquivomorfos de motivos de tecidos e de colgaduras (Pena, *ex* Luis Monteagudo García 1995).

As composicións polícromas triangulares, os zigue-zagues e as ondiñas, pintadas ou gravadas serían esquivomorfos de esquemas decorativos e de pigmentos téxtiles, repetíndose asemade na profusa decoración dos ídolos placa do Neolítico Atlántico peninsular (amable comunicación de Luís Monteagudo García), e aparecendo tamén nos considerados cetros ou báculos de mando, e continuando nas estelas da Idade do Bronce ata que a invención do tear mencionado provocou o cambio dos motivos triangulares polos cadros e polos losanxes, e a substitución dos motivos quebrados e das ondiñas polos chevrons e polas ondulacións Waldalgesheim.

Como non deixa de suxerilo xa Wayland Barber, a propósito das momias de Ürüñchi, estes cadros e cores das roupas, quizáis a través das armaduras dos tecidos e das mesmas cores dos cadros, poderían ser xa indicativas do rango e da liñaxe de quen os porta, do nobre que con fachenda quizáis empregaría no propio cetro -no rebumbio “melusino” das xenealoxías celtas- os cadros e as cores indicativos dunha divindade da que, dende a noite dos tempos, os da súa liñaxe crían descender.

Para Christophe Moulherat, arqueólogo especialista en téxtiles, a diferenza do tecido de cadros, de maior antigüidade (ca. 1200 a.C.) os motivos de losanxes (que portan nas saias e nos saios os guerreiros galaicos, quizáis similares ós que posiblemente elaboraban as teceláns lusitanas coas célebres las de Salacia), non se desenvolverían con anterioridade ó século IX a. C., data do desenrolo da técnica da lanzadeira volante e do tear de catro barras



Guerreiro galaico de Monte Mozinho, segundo debuxo de Armando Coelho Ferreira da Silva.

que permite novos entrelazos dos fíos, e de novos sistemas de tintura.

Gracias a esta evolución do tear, as armaduras (ou esquemas de tecido), segundo Moullerat (11) “diversificanse, sendo a principal o asargado que consiste en producir esquemas oblicuos ou diagonais alterando o ritmo normal de entrecruzado fío a fío, de urdime e trama [...] o asargado é básico para a confección de motivos como os dentes de lobo (chevrons) e losanxes, moi propios tamén de este momento” (estase a referir aos séculos que van do IX ó IV).

Os celtas empregaban numerosas fibras, sobre todo a lá e os pelos de diversos animais (a camuza, o porco, o boi, a delonga e o porco teixo), e as fibras vexetais, como a ortiga, o liño e o cáñamo, como se amosa (está moi documentado) na Europa continental, envolvendo, os enxovais, armas e vaixela de mesa convenientemente embalada. Os restos non mineralizados de tecidos, ben que escasos, coma os atopados na tumba da primeira Idade do Ferro do príncipe de Hochdorf (Alemania) ou dunha tumba principesca de Vix (Côte-d’Or) –onde apareceran tamén restos de seda-, testemuñan os aristocráticos losanxos nestes tecidos, presentes tamén nos embalaxes de enxovais de moitas tumbas celtas –sinalando neste sentido Moullerat as excavacións das tumbas de Apremont (Haute-Saone), en Sainte Colombe e as de Tremblois (Côte-d’Or)- excavadas en Francia.

Estela de Crecente no Museo Provincial de Lugo, da que traducimos o epígrafe: AQUÍ XACE APANA, FILLA DE AMBOLO, CÉLTICA SUPERTAMÁRICA, DE MIOBRE, QUE FINOU ÓS 25 ANOS. O SEU IRMÁN APANO, MANDOU FACER [ESTE MOIMENTO].

Detalle do gravado «Gallaecia» de Alfredo Erias.



CONCLUSIÓNS

Xeneralizándose entre a *nobilitas* provincial, que non provinciana, a moda e a onomástica imperial, substituíriase pola toga galaico-romana o *sagum* indíxena con cadros ó biés. O fenómeno continuaría ó adoitar as elites colonizadas os nomes e os modos dos dominadores romanos, considerados máis finos, nun proceso abondo familiar aos galegos de hoxe: non hai máis que lembrar as nosas novidosas *Jessicas*, *Vanessas* e *Jonatanes*, ben pouco *enxebres*, que suplantán no afecto popular ós, no seu día, non menos novidosos nomes de Dolores ou de Lola, de María ou de Maruxa, de Carme, de Xosé ou de Pepiño, e a un amplo santoral tradicional longo de enumerar, quw , á súa vez, eran substitutivos das avellentadas novidades onomásticas chegadas cos suevos periclitadas nas urbes e no campo coa entrada da modernidade (Hermesendas, Visclávaras, Munios, Froilas...).

Renegando os poucos dos familiares apelativos de *Caturo*, de *Camalo*, aínda de *Burro* (prestixioso nome significando posiblemente en lingua indíxena “pelo crecho”, coma o dun lobo), os señores galegos na dominación romana adoitaron os nomes de *Victorinus* (seguramente traducción latina do mencionado *Caturus*), ou de *Hirsutus*, quizais latinización do anterior *Burrus*.

Como queira que fose, os cambios formais nos nomes afectaron tamén ós vestidos, unha vez que foron substituídas as *Apanas* e as *Arabas* celtas das liñaxes galegas polas non menos liñaxudas *Iulias* e *Livias*. Se quer por unha vez elas non tiveron a culpa.

Considerando o nobre galaico superior á súa morixerada (*dura et adstricta parsimonia*) cultura celta o mol costume do dominador romano, desaparece para sempreo ancestral uso de amosar os señores do país saias de cadros ó biés. Deste xeito, tamén desaparece a tradición non menos inveterada de distinguirse con eles.

Continuando a vestir as mulleres, de negro e con saias floreadas, e os homes, co uso da camisa, da faixa e das cirolas, en nada afectarían estes cambios ós campesiños e ás campesiñas, nin á esencial pervivencia dos usos e das costumes xurisdiccionais e das simboloxías heráldicas de tradición celta, nos castros e nas aldeas (*vici, pagi aut castella*) das tribos galegas.

NOTAS

- 1 Traducción particular de Luis Monteagudo García.
 2“[...] Ce terme désigne un être surnaturel [...] et non un « maure » [...]. On peut également faire valoir le fait que le « mouro » est un être de l’autre monde [...] Mais le gal. “morto” ne peut en aucun cas donner « mouro ». Par contre, un rapprochement est possible avec br, « maro », gallois « marw » ou mieux encore irl. « morò ». Tous ces termes auraient la même origine que “mouro”. Le mister reste à éclaircir. Robert Omnès. *Le substrat celtique en galicien et en castilian*. En « Les Celtes et la Péninsule Ibérique », UBO, Brest 1999 p.250.
 3 *Sarracenos* é falsa etimoloxía cultista dos populares “mouros”.
 4 Martínez Salazar BRAH. III. 1909
 5 Seguimos aquí as transcripciones de Marcos Martinón Torres, tesis de licenciatura titulada “Análisis historiográfico del Megalitismo gallego: de la documentación medieval al siglo XIX (Octubre de 1999)
 6 M. Almagro Basch. 1966, VIII.
 7 Martínez Salazar, A. 1909: 218-219 in Marcos Martinón Torres «Análisis historiográfico del Megalitismo Gallego», Tesis de Licenciatura, Santiago 1999
 8 Manuel Cecilio Díaz y Díaz 1974: 212- 13.
 9 In Antonio López Ferreiro 1899 apén. pp 184. Tomo II.
 10 Moullerat, Christophe 2000 *Los tejidos de los principios celtas*. Revista *INVESTIGACIÓN Y CIENCIA*, agosto de 2000 pp. 22-29
 11 MOULHERAT, Christophe 2000 Obra citada. p.24

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO ROMERO, Fernando, 1983, «La leyenda de la Reina Lupa en los montes del Pindo (Galicia)». *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. 99: 227-267. Santiago de Compostela.
 ALONSO ROMERO, Fernando, 1984, «El folklore sobre el monte Casa Xoana, O Pindo». (*Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXV: 559-574).
 ALONSO ROMERO, Fernando, 1993, *O Camiño de Fisterra*. (Edicións Xerais de Galicia. Vigo)
 ALONSO ROMERO, Fernando, 1993b, «A Peregrinaxe Xacobeá ata Fisterra» in *Romarias e peregrinacións*. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.
 ALONSO ROMERO, Fernando, 1996, *Creencias y tradiciones de los pescadores gallegos, británicos y bretones*. (Xunta de Galicia. Santiago de Compostela).
 ALONSO ROMERO, Fernando, 1999, «Las mouras constructoras de megalitos: Estudio comparativo del folklore gallego con el de otras comunidades europeas». *Anuario Brigantino 1998*, nº 21:11-28.
 ALONSO ROMERO, Fernando, 2001, «Las Almas y las abejas en el rito funerario gallego del abellón». *Anuario Brigantino 2000*, nº 23: 75-84
 ALMAGRO BASCH, Martín. 1966. *Las Estelas Decoradas del Suroeste Peninsular*, Madrid. Biblioteca prehistórica Hispana, VIII, 1966.
 -1968 *Actas do IX congreso Nacional de Arqueología*. Mérida.
 -1982 La invasión Céltica en España, in Menéndez Pidal. *Hª de España*, p. 1.287
 ALMAGRO GORBEA, Martín, Francisco Burillo, y otros, 1991, «Los Celtas en la Península Ibérica», *Revista de Arqueología*.
 ALMAGRO GORBEA, Martín, Ruiz Zapatero, Gonzalo, 1992, «Paleoetnología de la Península Ibérica. Reflexiones y perspectivas de futuro». *Actas de la I Reunión Internacional sobre Paleoetnología de la Península Ibérica, (Complutum 2-3)*.
 ALMAGRO GORBEA, Martín, 2000, «Pozo Moro 25 años después. El Mundo Ibérico: una década de investigaciones (1985-1995)». *Revista de Estudios Ibéricos REIB. 1ª parte. nº 2*.
 BENDER JØRGENSEN, L. 1992, *North European textiles until AD 1000*, Arhus University Press, Copenhagen.
 CASAL GARCÍA, Raquel, 1990. *Colección de Glíptica del Museo Arqueológico Nacional* (Serie de entalles romanos vol.I-II). Ministerio de Cultura.

- CASTRO PÉREZ, Ladislao, 2001, *Sondeos en la arqueología de la religión en Galicia y norte de Portugal: Trocado de Bande y el culto jacobeo. Monografías da Universidade de Vigo*. Vigo, 442 p.
- DE NAVARRO, J. M., *The Finds from the Site of La Tène, Scabbards and The Swords Found in them*. London. Oxford University Press for the British Academy.
- DÍAZ Y DÍAZ, Manuel Cecilio, 1974, *Antología del latín vulgar*. Madrid, Ed.Gredos, pp. 212- 213.
- ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo, 2000, «La eterna caza del jabali». *Anuario Brigantino 1999*, nº 22: 317-378.
- FERREIRA DA SILVA, Armando Coelho, 1986, «*A Cultura Castreja no Noroeste de Portugal*». Museu Arqueológico da Citania de Sanfins, Paços de Ferreira.
- HALD, M., 1980, «Ancient Danish Textiles from Bogs and Burials, a Comparative Study of Costume and Iron Age Textiles». *Archaeological-Historical Series, vol. XXI*, National Museum of Denmark.
- HUNDT, H.-J., 1987, «Les textiles de la tombe de Hochdorf de surprenants témoignages sur les anciennes techniques artisanales». in *Trésors des Princes Celtes*, Paris.
- LÓPEZ FERREIRO Antonio, 1899, *Historia de la Santa. A.M. Iglesia de Santiago de Compostela* Tomo II. Apéndices, pp 184.
- JACOBSTHAL, P., 1969, *Early Celtic Art*. Clarendon Press (reedición revisada).
- MASUREL, H., 1990. «Tissus et tisserands du premier âge du fer». *Antiquités nationales, Mémoire 1*, p. 303.
- MEGAW, J. V. S. & MEGAW, M. Ruth *Cheshire Cats, Mickey Mice, the New Europe and Ancient Celtic Art*. 229-232.
- MARTÍNEZ SALAZAR, A., 1909, *BRAH. III*: 218-219.
- MARCOS MARTINÓN TORRES, 1999, *Análisis historiográfico del Megalitismo Gallego*, Tese de Licenciatura, Santiago.
- MOULHERAT, C., 1999, «Microscope électronique à balayage et microscope métallographique inversé : nouveaux outils au service de l'identification des fibres textiles conservées sous une forme minéralisée; A la recherche du métal perdu, nouvelles technologies dans la restauration des métaux archéologiques». *Catalogue d'exposition du Musée d'archéologie départementale de Guiry-en-Vexin*.
- MOULHERAT, Christophe, 2000, «Los tejidos de los príncipes celtas». *Revista Investigación y Ciencia 2000*: pp. 22-29.
- STITH THOMPSON *Motif-index of folk-literature* "Wild Hunt" E 501.
- S. VERGER, De Vix à Weiskirchen, 1995, «la transformation des rites funéraires aristocratiques en gaule du Nord et de l'Est au V^e siècle avant J.-C.». *MEFRA*, 107.
- WALTER, Ph, 1977, *Le Mythe de la Chasse Sauvage dans l'Europe Médiévale*. Paris: p. 9- 72.
- WAYLAND BARBER, Elizabeth, 2001, *Las Momias de Ürünchi*. Madrid, Ed. Esp.